

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Galego**" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indique cal é a serie completa de palabras correctas:

- A) Tos, martelo, cravo, ciruxano.
- B) Tose, martelo, cravo, cirurxián.
- C) Tose, martillo, crabo, ciruxano.
- D) Tos, martillo, crabo, cirurxián.

2. Sinale cal das seguintes series é correcta:

- A) Escavar, extender, espirar, extranxeiro.
- B) Excavar, estender, espirar, estranxeiro.
- C) Escavar, estender, expirar, estranxeiro.
- D) Excavar, extender, expirar, extranxeiro.

3. Sinale a opción correcta:

- A) Servizos xerais.
- B) Servicios xerais.
- C) Servizos xenerais.
- D) Servicios xenerais.

4. Cal é o nome correcto dun número?:

- A) Siete.
- B) Catro.
- C) Binte.
- D) Diez.

5. Indica a palabra correcta:

- A) Interrutor.
- B) Destornillador.
- C) Automóbil.
- D) Jaraxe.

6. Cal é a definición PARAFUSO?:

- A) Artefacto que protexe os edificios fronte aos raios.
- B) Instrumento musical de catro cordas.
- C) Peza de metal, madeira, etc., co corpo en forma de rosca.
- D) Tubo de vidro utilizado para almacenar líquido.

7. Sinale a serie coa ortografía correcta:

- A) A auga, a paisaxe, a traxe, o ponte.
- B) O auga, o paisaxe, o traxe, a ponte.
- C) A auga, a paisaxe, o traxe, a ponte.
- D) O auga, o paisaxe, a traxe, o ponte.

8. Sinale a forma verbal INCORRECTA:

- A) Arranxar – Ti arranxarás.
- B) Partir – Ti parterás.
- C) Engadir – Ti engadirás.
- D) Prender – Ti prenderás.

9. Cal é a definición correcta de LÓSTREGO?:

- A) Aparello agrícola movido por tracción animal ou mecánica.
- B) Resplandor intenso e momentáneo, producido polo raio.
- C) Animal invertebrado de corpo brando e alongado.
- D) Contracción involuntaria, dolorosa, espasmódica e transitoria dun músculo.

10. Sinale a relación INCORRECTA en galego de singular/plural:

- A) Control – Controles.
- B) Cadril – Cadrís.
- C) Ril – Riles.
- D) Enchufe – Enchufes.

Preguntas de reserva

1. Indique a palabra correcta:

- A) Avaría.
- B) Electricidad.
- C) Circuito.
- D) Tensión.

2. Indique o número que está escrito en letra de forma INCORRECTA:

- A) 110= centodez.
- B) 200= douscentos.
- C) 320= trescentos vinte.
- D) 900= novecentos.